



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR CURSO 2024-2025

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumno/a**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do alumnado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día **11 de novembro**.
3. Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día **30 de outubro**.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos e alumnas que non se presenten como candidatos, o día **11 de novembro**, ás **11'00 horas** na Sala de Profesorado. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e **dous** alumnos/as, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o **12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidencia da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 20 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. As votacións realizaranse no IES o día **21 de novembro**, de **08:45 a 13:10 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás **08:30 horas**.
7. Cada alumno/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **3 nomes** da lista de candidatos.
8. O voto será directo, secreto e non delegable.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Guitiriz, 23 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

76363261H JULIO
JOSÉ GONZÁLEZ (R:
Q7755211E)

Firmado digitalmente por
76363261H JULIO JOSÉ GONZÁLEZ
(R: Q7755211E)
Fecha: 2024.10.29 10:22:48 +01'00'

Asdo.: Julio José González Iglesias



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR CURSO 2024-2025

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS NO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais ou titores/as legais**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes dos pais/nais ou titores legais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, titor ou titora legal dos alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día **11 de novembro**.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, titor ou titora legal dos alumnos e alumnas matriculados no Centro que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día **30 de outubro**.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais ou titores/as legais que non se presenten como candidatos, o día **11 de novembro**, ás **11'00 horas** na Sala de Profesorado. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o **12 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidencia da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 20 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. As votacións realizaranse no IES o día **21 de novembro**, de **16:00 a 18:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás **15:45 horas**.
7. Cada elector/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **2 nomes** da lista de candidatos, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar.
8. O voto será directo, secreto e non delegable, e non se admitirá voto por correo.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Guitiriz, 23 de outubro de 2024
O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

76363261H JULIO
JOSÉ GONZÁLEZ (R:
Q7755211E)

Firmado digitalmente por
76363261H JULIO JOSÉ GONZÁLEZ
(R: Q7755211E)
Fecha: 2024.10.29 10:27:55 +01'00'

Asdo.: Julio José González Iglesias

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR CURSO 2024-2025

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO NO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 profesores/as**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
2. O censo electoral de profesores/as estará exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro.
3. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **30 de outubro**.
4. A mesa electoral estará formada polo director do Centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta electoral un máximo de **4 nomes** da lista de candidatos/as.
6. O voto será directo,secreto e non delegable.
7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ó procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación , en dita reunión, da data de celebración do Claustro Extraordinario para a elección dos mesmos, convócase ao claustro de profesores a unha reunión, a tales efectos, que terá lugar o día **13 de novembro, ás 11:00 horas**.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Guitiriz, 23 de outubro de 2024
O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

76363261H JULIO JOSÉ GONZÁLEZ (R:
Q7755211E) Firmado digitalmente por
76363261H JULIO JOSÉ GONZÁLEZ
(R: Q7755211E)
Fecha: 2024.10.29 10:28:22 +01'00'

Asdo.: Julio José González Iglesias

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR CURSO 2024-2025

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL NON DOCENTE NO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL NON DOCENTE**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 representante**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral de profesores/as estará exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da conserxería do centro.
3. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **30 de outubro**.
4. A mesa electoral estará formada polo director do Centro, que actuará como presidente, e un membro do persoal non docente, que actuará como secretario.
5. Cada elector/a fará constar na papeleta electoral un máximo de **1 nome** da lista de candidatos/as.
6. O voto será directo,secreto e non delegable.
7. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Guitiriz, 23 de outubro de 2024
O DIRECTOR DO CENTRO E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

76363261H JULIO
JOSÉ GONZÁLEZ (R:
Q7755211E)

Firmado digitalmente por
76363261H JULIO JOSÉ
GONZÁLEZ (R: Q7755211E)
Fecha: 2024.10.29 10:28:50
+01'00'

Asdo.: Julio José González Iglesias